

## **ERROS TEMAS 1 -5 DO BLOQUE 1**

### **RESPONDA ESTES TRES APARTADOS DOS SEGUINTE TEXTOS:**

1. Identifique as informacións erróneas.
2. Explique os erros detectados.
3. Proceda á súa redacción correcta

#### **Tema 1. As reformas dos Reis Católicos**

Durante o século XV un dos trazos máis significativos da historia peninsular foi o estreitamento dos vencellos entre Castela e Aragón, ata o punto de que a chegada dos Reis Católicos ao trono supoñen unha unión dinástica na que se integran todos os heteroxéneos territorios da península ibérica.

A política interior dos Reis Católicos terá como obxectivo o afianzamento das estruturas de poder monárquicas fronte a señores e cidades, e para iso establecerán unha rede administrativa na que destacan figuras como os corrixidores, os vicerreis ou a Santa Irmandade, esta última con funcións xudiciais a nivel municipal. Dentro desta política centralizadora tamén xogará un papel relevante o Tribunal da Santa Inquisición.

#### **Tema 2. A configuración do Imperio español s. XVI**

No reinado de Filipe II destacaron dous conflitos: as Guerras en Flandres e a guerra contra Inglaterra. Da primeira podemos destacar que foi de natureza relixiosa e polo choque co protestantismo, mais tamén por causas políticas e económicas. A nobreza local negociara con Felipe II un status especial para as comunidades protestantes. Con todo, o rei nunca conseguirá someter a Flandres e terá que asinar a Unión de Arras (1579) e a de Utrecht (1579). Nestes acordos o sur de Flandres aceptará a autoridade real e o norte non.

No caso do conflito con Inglaterra as relacións eran boas. Felipe II estaba casado con María Tudor, herdeira ao trono do seu pai Henrique VIII, mais a morte de María sen descendencia, apartou a Felipe II do trono inglés. A coroación de Sabela I de Inglaterra como raíña deu inicio aos conflitos entre os dous reinos. O dominio pola hexemonía católica en Europa suporá o inicio de hostilidade e a organización da coñecida como Armada Invencible.

#### **Tema 3. A Crise do s. XVII**

O acceso ao trono de Felipe IV, en 1621, implicou un cambio na política exterior da monarquía e o ascenso dun novo valido, Conde Duque de Olivares. Este pretendía a restauración da posición internacional da monarquía hispánica, polo que participou en múltiples conflitos internacionais coa idea de manter a hexemonía do imperio hispánico.

Tanta campaña bélica supuña un gasto constante na xa tocada Facenda Real, polo que Olivares puxo en marcha un amplo programa de reformas internas no plano económico, administrativo e militar. Con tal de sanear a facenda reduciu os gastos, censurou a emisión de moeda de vellón e creou un orzamento anual.

As reformas administrativas e militares centráronse no proxecto da Unión de Armas (1625). Promoveu a creación dun exército permanente de 140.000 homes participado por todos os reinos en función do momento de incorporación á Monarquía hispánica e riqueza. Tratábase de alixear a carga ao reino de Castela, que se atopaba exhausta e empobrecida. Esta proposta respondía á vontade de Olivares de centralizar e uniformizar o goberno da Monarquía Hispánica. Os seus intentos foron en van, tanto polas dificultades económicas como pola oposición dos reinos, celosos das súas prerrogativas forais.

#### **Tema 4. Economía e sociedade na Galiza dos Austrias**

Durante a primeira metade do s. XVI Galicia ten unha economía eminentemente agraria, baseada no vello sistema de produción feudal cunha produción maioritaria de cereais (trigo e centeo), con numerosas crises de subsistencia. Xa no s. XVII, a introdución dos novos cultivos provenientes de América, primeiro o millo e posteriormente a pataca, supuxo un aumento da produción, grazas ao aumento do barbeito.

A estrutura da sociedade galega nos séculos XVI e XVII centrábase no comercio, cunha aristocracia ausente do territorio galego. Destaca o clero así como a fidalguía, un novo grupo social. Os labregos eran o 80% da poboación e pagaban as rendas, sustentando aos grupos privilexiados.

### **Tema 5. Descubrimento e conquista de América**

O descubrimento, conquista e administración dos territorios de América supuxo a posta en marcha dunha nova lexislación que procuraba ordenar a relación co novo continente. As chamadas Leis de Burgos (1512) lexislaban sobre as poboacións nativas. Ao longo dos anos aprobaranse modificacións debido a diverxencia no trato que se lles debía ofrecer a estas poboacións. O gran debate personificouse nas figuras de Frei Bartolomé de las Casas e Ginés de Sepúlveda. Este último defendía a natureza humana e cristiá das poboacións indíxenas mentres que De las Casas defendía o contrario e o dereito ás poboacións indíxenas.

Aínda que as Novas Leis de Indias (1542) prohibían as encomendas e a mita, mantívose o sistema de extracción de mineral por parte da Monarquía Hispánica até 1812. En canto ás encomendas, foron substituídas polas facendas que, na práctica, non implicou a mellora substancial das condicións de traballo das poboacións indíxenas.